

O refrán meteorolóxico: estudo, comparación con outras linguas (castelán e francés) e proposta de nova denominación

Pilar Río Corbacho

Universidade de Santiago de Compostela

Dentro do chamado *refrán meteorolóxico* teñen cabida, ademais das paremias que se refiren aos fenómenos atmosféricos, as formas sentenciosas que amosan a influencia dos astros sobre as persoas, os animais ou os cultivos e as que nos falan das diferentes actividades que realizan os seres vivos. Polo tanto, a denominación de refrán meteorolóxico non parece a máis idónea para caracterizar esta familia paremiolóxica.

Palabras clave: paremioloxía, refrán meteorolóxico.

The proverbs which fall into the so-called *weather proverb* are, besides those referring to atmospheric phenomena, the sententious sayings that show the influence of the stars on mankind, animals and crops and talk about the different activities performed by living beings. Thus, the name weather proverb does not appear to be the most suitable to characterize this paremiological family.

Key words: paremiology, weather proverb.

No mundo paremiolóxico atopámonos cunha serie de formas sentenciosas referentes ás condicións atmosféricas, aos cultivos, á importancia do sol ou da lúa na vida dos seres vivos, etc. No francés este tipo de paremia coñécese co nome de *dicton*, no galego e no castelán denomínase popularmente *refrán meteorolóxico* e *refrán meteorológico*, respectivamente.

Os termos empregados en galego e en castelán para denominar este tipo de paremia non son todo o precisos que deberían, pois poden levar a engano ao falante, quen pode pensar:

- que esta paremia é unha subclase do *refrán*. O termo francés, polo contrario, presenta esta forma como un ente independente.

- que dentro desta familia paremiol xica s  te en cabida formas que falan das condici ns atmosf ricas. A realidade   que neste grupo paremiol xico te en cabida, non s  as paremias claramente meteorol xicas:

*Marzo, marzola,
treb n e raiola.*

*Por San Martino (11 nov.),
el invierno viene de camino,
y aunque venga retrasado,
por San Andr s (30 nov.) ya ha llegado.*

*(Le) Carnaval au soleil,
p ques au feu (tison).*

sen n tam n aquelas que se refiren ao tempo sen connotaci ns meteorol xicas:

*O d a de San Silvestre (31 dec.)
vai nun ano e v n noutro e non se despe.*

*En mayo,
ni mujeres ni rosario.*

*L'ann e bissextile, soyez fin,
semez du chanvre au lieu du lin.*

e outras formas que nos falan dos traballos que hai que realizar, da chegada ou da marcha das aves, do incremento ou diminuci n da luz solar, etc.:

*Poda en marzo,
vendimia no regazo.*

*Quien tenga fuerza en el brazo
que cave y pode en marzo.*

*Taille t t, taille tard,
taille toujours en mars.*

Polo tanto, este traballo consistir , unha vez estudadas as caracter sticas do chamado refr n meteorol xico e concluido se este grupo   aut nomo ou unha subclase, en propo ner unha nomenclatura m is axeitada coa finalidade de suprimir os equ vocos existentes.

1. O dicton

O termo franc s *dicton* aparece, segundo Rodegem (1984: 135), en 1477, a nda que Sevilla Mu oz (1988: 213) sost n que “el *Dictionnaire alphab tique et analogique de la Langue Fran aise* (1970) lo fecha en 1488”.

Chassany, na *Introduction de la premi re Edition* (1970), sinala que para o *Vocabulaire M t orologique International* (1966) estamos ante unha forma sentenciosa de contido

meteorolóxico, na que a rima e o carácter local constitúen as súas principais características:

Règles empiriques de prévision du temps, souvent énoncées en vers, de nature très locale; elles ont généralement un caractère de tradition et leur utilité est très variable (Chassany 1989: 15).

Greimas (1960: 58) preséntanos o *dicton* como un elemento non connotado, é dicir, non metafórico, en contraposición ao *proverbe*, que é connotado.

Sevilla Muñoz, quen subliña do *dicton* a súa temática específica e o seu carácter localista, afirma que esta paremia destaca por ser:

Particular, específica, de sentido literal, bímembre, repetitiva, práctica; estar baseada en la experiencia; adoptar con frecuencia una forma poética y poseer elementos mnemotécnicos (Sevilla Muñoz 1992: 175).

Conde Tarrío (1997: 1135) deixa ver que estamos perante unha paremia que se cre verdadeira e que expresa unha sabedoría que procede da experiencia das persoas. Navarro Domínguez (2000: 55) destaca desta forma sentenciosa o seu carácter popular e a súa experiencia, conceptos que adoitan vir expresados nun texto bímembre e carente de elementos metafóricos, pero no que se empregan frecuentemente elementos mnemotécnicos.

Para nós, esta paremia é local, xeralmente non presenta elementos xocosos nin é metafórica e cremos que a súa verdade hai que buscala no lugar no que foi creada, polo que podemos definila como:

Paremia popular baseada na experiencia -exceptuando as crenzas e as supersticións-, sentenciosa, de ámbito local -onde a súa verdade adoita verificarse-, non metafórica e bímembre, sendo a rima un elemento importante na súa transmisión.

As diferenzas que presenta no francés esta forma con respecto ao refrán (*proverbe*) son as seguintes:

	<i>le proverbe</i>	<i>le dicton</i>
antigo	+	+
bímembre	+	+
breve	+	+
elementos mnemotécnicos	+	+
experiencia	+	+
xocoso	±	-
metafórico	+	-
popular	+	+
sentencioso	+	+
universal	+	-
verdadeiro	±	±

2. O chamado *refrán meteorolóxico*: estudo e proposta de nova denominación

O *refrán meteorolóxico* conforma, como pensamos demostrar, unha familia paremiolóxica con vida propia, é dicir, que non hai que vela como unha subclase do refrán: para concluír isto teremos que estudar as súas características e ver as coincidencias e as diferenzas que hai entre as desta paremia e as do refrán.

A forma sentenciosa que normalmente se coñece co nome de refrán meteorolóxico cremos que presenta once características, que conforman a idiosincrasia desta paremia.

Pagès e Fillod dinnos que a primeira documentación escrita que existe sobre meteoroloxía está datada sobre o 1300 a.C.:

Il s'agit de relevés d'observation des nuages, de la neige et du vent effectués en Chine sous la dynastie Yin. Toujours en Chine, sous la dynastie des Chou, on voit apparaître des observations officielles avec des descriptions climatiques (Pagès e Fillod 1983: 5).

Con todo, non debemos esquecer, como nos recorda Chassany (1989: 13), que anteriormente, ao redor do 3500 a.C., os exipcios xa fundamentaran a súa relixión sobre o ceo.

Como pode verse, o interese do home por coñecer o tempo vén dende moi antigo. É de supoñer que estes coñecementos adquiridos e, por suposto, verificados, gardaríalos na súa memoria para transmitírllelos aos seus fillos, coa finalidade de que estes non cometeran os mesmos erros ca el no referente aos traballos do campo ou do mar.

Aínda que os refráns meteorolóxicos tardan en incorporarse ás coleccións paremiolóxicas, que preferiblemente recollen formas sentenciosas de alto contido filosófico ou moral (se ben nestas tamén teñen cabida paremias que amosan unha forte carga misóxina ou xocosa), hai que falar da súa antigüidade, pois xa se poden documentar nos *Proverbios* de Salomón, a mediados do século X a.C., onde é posible atopar algunhas paremias nas que se reflicten elementos meteorolóxicos:

*O vento nordés pare chuvias;
A lingua murmuradora, facianas irritadas* (Pr 25, 23)¹.

Entre as cantigas dos cancioneros galaico-portugueses non descubrimos ningunha paremia meteorolóxica, xa que os refráns destas presentan un elevado carácter moral e a súa mensaxe é universal, o que lles fai ser máis aptos para o campo da paremia.

Tivemos que esperar ata o século XVI para achar as primeiras formas meteorolóxicas galegas. Estas aparecen no refraneiro que Hernán Núñez publica en 1555 baixo o título

¹ Esta tradución foi tomada da versión galega da Biblia (Fernández 1992: 818).

de *Refranes o proverbios en romance*, obra que contén 134 formas sentenciosas galegas², das que só 11 son paremias meteorolóxicas:

- Folio 35v.- *Día de Sant Nicolao, está la neve de pao en pao, ou si non está no chao.*
El Gallego.
- Folio 50r.- *Entre Março e Abril sale o cuco de cubil, con a neve no quere vir.*
El Gallego. Entre Março y Abril, sale el cuclillo del cubil, con la nieve no quiere venir.
- Folio 59v.- *Xeada sobre lodo, neve fasta o xollo.*
El Gallego. Elada sobre lodo, nieve hasta la rodilla.
- Folio 85r.- *No Março, o abrigo, nozes e pan trigo.*
El Gallego. En Março es abrigo, nuezes y pan trigo.
- Folio 89v.- *O peixe do Mayo, a quen cho pedir, dallo.*
El Gallego. El pece de Mayo, a quien te lo pidiere, dalo. Porque en tal tiempo el pescado es dañoso.
- Folio 90v.- *O rocín no Mayo bólvese cabalo.*
El Gallego. Por el vicio del verde.
- Folio 95v.- *Por San Pedro da Quadrela, say a cobra de súa pedra.*
El Gallego. Por San Pedro de Cáthreda, sale la culebra de debaixo de la piedra, porque comiença el calor.
- Folio 96r.- *Por Sant André, toma o porco por o pé.*
El Gallego. Entiende para matarle, que es entonces la matança, aunque otros la adelantan por Sant Lucas.
- Folio 97v.- *Por Sant Luca, alça o boy da suca, mata o porco e tapa a cuba.*
El Gallego. Por Sant Lucas alça el buey del sulco, mata el puerco, y atapa la cuba.
- Folio 101r.- *Quando o trigo hé louro, hé o barbo como un touro.*
El Gallego. Quando el trigo está loro, es el barbo como un toro.
- Folio 103v.- *Quem en Mayo no merenda, cos mortos se encomenda.*
El Gallego. El que en Mayo no merienda, con los muertos se cuenta.

Uns anos máis tarde, en 1569, Lorenzo Palmireno publica un traballo titulado *Refranes de mesa, salud y buena crianza: cogíalos de muchos autores y conversaciones*, onde podemos anotar seis paremias galegas, mais só unha é meteorolóxica:

Dia de Sanct Martiño, provo ton viño (Sbarbi 1980: 284³).

No castelán e no francés, linguas estatais, este tipo de paremias podemos atopalas desde épocas máis antigas nos seus respectivos refraneiros a carón doutras formas sentenciosas (refráns, máximas, frases proverbiais, etc.):

*Quien las nuves catare,
jamás non segará* (Sem Tob, s. XIV, *Proverbios morales*).

² Conde Tarrío (2004: 54) afirma que no refraneiro de Hernán Núñez hai 134 paremias galegas: 129 son recoñecidas como tales polo autor e 5, segundo Conde Tarrío, son galegas, aínda que non foran recoñecidas por Hernán Núñez.

³ Esta obra aparece transcrita en Sbarbi (1980: I, 281-293).

Pilar Río Corbacho

*La neige de février
brusle le bled et l'allorcier (Adages françois, s. XVI⁴).*

nos manuscritos:

*Pascua marçal,
o sarmienta, o mortal (Romancea Proverbiorum, s. XIV).*

*A Penthecouste roses sont,
a la saint Jehan s'en vont (Bonum Spatium⁵, segunda metade s.
XIV).*

e nas obras literarias:

*En el verano sudar
e en el ynvierno temblar (Martínez de Toledo, s. XV, Corbacho).*

Grant vent chiet a poi de pluie (Roman de Renart, s. XII, 4850).

A pesar de que, como dixemos, o refrán meteorolóxico tivo nun primeiro momento dificultades para entrar en contacto coas outras paremias, máis adiante tivo o seu caldo de cultivo nos almanaques, dos cales *O Gaiteiro de Lugo*, *El Zaragozano*, etc. son boa proba disto. Algo parecido sucedeu en Francia, onde este tipo de publicacións tivo grande importancia na súa supervivencia histórica, como afirma Pierron:

Né à la fin du Moyen Âge [...], diffusé par la tradition orale, puis par les almanachs à partir du XVe siècle, consacré au XVIIe siècle par L'Almanach de Maître Mathieu de Laensberg (Liège, 1636) (Pierron 1997: 11).

Como consecuencia da súa antigüidade, moitas destas formas sentenciosas aínda gardan restos arcaizantes que nos recordan ese mundo primitivo no que naceron e que así mesmo lles confire, como asegura Greimas, un carácter de autoridade:

La formulation archaïsante des proverbes et dictons intercalés dans la chaîne du discours actuel, les renvoie, semble-t-il, à un passé non déterminé, leur confère une sorte d'autorité qui relève de la «sagesse des anciens». Le caractère archaïque des proverbes constitue donc une mise hors du temps des significations qu'ils contiennent; c'est un procédé comparable à «il était une fois» des mythes et des légendes, destiné à situer dans le temps «des dieux et des héros» les vérités révélées dans le récit (Greimas 1960: 60).

Este tipo de paremias recorre a todo tipo de estratexias para amosar a súa antigüidade, polo que non dubida en recorrer aos seguintes aspectos arcaizantes:

⁴ Esta paremia aparece así citada en Le Roux de Lincy (1996: 235)

⁵ Este manuscrito denomínase *Bonum Spatium* debido a que estas palabras aparecen no primeiro verso da tirada:

*Ecce Bonum Spatium merito liber iste vocatur,
tollit fastidium, dat gaudia si videatur.*

- Ausencia de artigo:

*Auga de outono,
mata ao seu dono.*

*Amanecer y anochecer,
en diciembre son casi a la vez.*

*Neige à la Sainte-Isabelle (22 feb.)
fait la fleur (plus) belle.*

- Ausencia de antecedente:

*Quen cava no mes de Santos (nov.),
perde o tempo e (máis) o traballo.*

*Quien no trilla en agosto,
trilla con (de) mal rostro.*

*Qui taille sa vigne à Saint-Aubin (1 marzo)
aura de gros raisins.*

- Ausencia de verbo:

*Frío coral,
un mes antes e outro despois do Nadal.*

*Por San Antonio (13 xuño), nublado;
y por San Juan (24 xuño), despejado.*

Mars, lard.

Avril, épi.

Mai, lait.

Juin, foin.

Juillet, moisson.

Août, grain.

Septembre, fruits.

Octobre, vin.

- Ruptura da orde lóxica da frase:

*Nevada por San Ambrosio (7 dec.)
días dura dezaioito.*

*Mira con cara risueña,
por San Blas (3 feb.), a la cigüeña.*

*À (De) Saint-Roch (16 ag.), la grande chaleur
prépare du vin la couleur.*

Dende o punto de vista estrutural, o máis frecuente é que as paremias se presenten cun esquema binario que, segundo Anscombe, permite relacionar dúas unidades plenas de sentido:

Este bimetrismo semántico puede manifestarse de distintas maneras –isosilabismo, rima, marcas elativas, antonimia– siendo el pareado una de estas posibilidades (Anscombe 1999: 31).

Este sistema, que segue fielmente as características do refrán das cancións, é moi ben aceptado polo pobo:

*Semea a avea en febreiro
se queres facer diñeiro.*

*Avena de febrero,
llena el granero.*

*Avoine de février
remplit le grenier.*

Así e todo, este esquema tradicional de dous versos (bimetrismo) pode verse ampliado no refraneiro, xa que é posible atopar paremias meteorolóxicas con tres, catro, cinco ou máis versos:

*Na Candelaria, se chove ou venta
aínda o inverno entra;
xa vente, xa deixe de ventar,
metade do inverno está por pasar.*

*Por Santa Lucía (13 dec.),
achican las noches y agrandan los días;
primero, a tumbo de piojo;
después, a paso de gallina;
y por Navidad, los ciegos lo verán.*

*Sème tes haricots à la Sainte-Croix (3 maio):
tu n'en récolteras que pour toi.
Sème-les à la Saint-Gengoult (11 maio),
un t'en donnera beaucoup.
Sème-les à la Saint-Didier (23 maio),
pour un, tu en auras un millier.*

podendo estas paremias, en ocasións, sobre todo as pertencentes ao refraneiro francés, formar series indeterminadas de versos, que reciben o nome de ladaíñas:

*Le(s) jour(s) croi(ssen)t à la Sainte-Luce (13 dec.)
du saut d'une puce;
à la Saint-Thomas (21 dec.)
du saut d'un tât (du pas d'un cat/chat/jars);
à la Noël (24 dec.)
à l'an neuf (1 xan.)
du pas d'un bœuf;
au bon an
d'un pas de sergent (d'un vol de faisan);*

aux Rois (6 xan.)
du pas d'une oie;
à la Saint-Hilaire (13 xan.)
d'un pas de bergère;
à la Saint-Antoine (17 xan.)
du pas (Comme la barbe) d'un moine;
à la Saint-Sébastien (20 xan.)
du saut d'un chien.

O bimembrismo leva consigo a *rima*, elemento que, se ben nos primeiros momentos, na poesía clásica, tivo unha función ornamental, na linguaxe paremiolóxica ten a función primordial de axudar á memorización, xa que no proceso da primeira creación dunha forma sentenciosa o autor primitivo debeu ter en conta que o seu auditorio non posuía nin a escrita nin a lectura, polo que sabía que estas formas deberían subsistir no código oral.

Podemos asegurar, case con total seguridade, que a primitiva paremia naceu sen forma artística, como asegura Iscla Rovira (1989: 35). Será o *sentido poético del pueblo*, segundo Lázaro Carreter (1980: 208), o responsable deste proceso de embelecemento literario, onde a rima xoga un papel transcendental no proceso de memorización polos falantes dos chamados refráns meteorolóxicos.

García-Page (1990: 501) considera que este procedemento mnemotécnico, xunto con outros recursos fónicos, facilita a supervivencia desta paremia no código oral e evita a súa desaparición. A rima é importante ata tal punto que calquera paremia a busca, mesmo esquecendo a súa forma antiga. Tomemos como exemplo as seguintes formas sentenciosas que aparecen na obra de Correas (1627), posta ao día por Combet (1967):

No se hace la boda de hongos,
sino de buenos ducados (Combet 1967: 360).

No se hacen las bodas de hongos, a solas (Combet 1967: 360).

Estas paremias carecen de rima, polo que a súa supervivencia será moi complicada. O pobo, compracido coa mensaxe da forma sentenciosa, modifícaa ata atoparlle rima, como vemos tamén en Combet:

No se hace la boda de hongos,
sino de bollos (panes, florines) redondos (Combet 1967: 360).

Este último grupo de paremias son as que interesan ao falante, dado que o seu bimembrismo e a súa rima lles permite ser válidos para unha boa memorización, chegando, tras varias modificacións, aos refraneiros modernos:

No se hacen los negocios de hongos,
sino de dineros redondos (Bergua 1968: 339).

No se hace la boda de hongos,
sino de buenos dineros redondos (Bergua 1968: 339).

*No se hace la boda de hongos,
sino de buenos bollos redondos* (Campos e Barella 1993: 49, 474).

A *m trica*, procedemento important simo na poes a, foi nalg ns casos un recurso mnemot cnico empregado para facilitar a memorizaci n das paremias.

A m trica acom dase ao sentido r tmico de cada lingua. Na nosa tese de doutoramento, que tratou sobre a paremia haxiogr fica (*La paremia hagiogr fica en franc s, castellano y gallego: estudio contrastivo*, 2002), medimos, a modo de exemplo, as paremias presentadas no mes de novembro (galego), no mes de xu o (castel n) e no mes de marzo (franc s). Nas tres linguas atopamos un gran n mero de rimas dispareas, pero as m is empregadas foron:

- No galego a de 7+8 e a de 5+8, xa que das 172 paremias que analizamos no mes de novembro hab a 8 nas que aparec an estas estruturas:

Auga de San Marti o (11 nov.),
come pan e bebe vi o. 7+8

Polo San Andr s (30 nov.),
porcos gordos para vender. 5+8

- No castel n analizamos 138 paremias correspondentes ao mes de xu o, nas que maioritariamente, unhas 20 veces, aparece a estrutura 7+7:

*Si quieres coger trigo,
ara por San Juanito* (24 xu o).

- No franc s medimos un total de 137 paremias pertencentes ao mes de marzo, das cales 13 presentaban a m trica de 6+6:

  la Saint-Gu nol  (3 marzo),
au taureau ferme le pr .

As paremias te en unha tendencia innata a buscar a rima, como xa vimos, e ao isosilabismo. Para lograr isto  ltimo, os falantes tenden a eliminar s labas do que excede cando un dos versos do pareado presenta maior n mero de s labas c  outro, sempre que non se produzan alteraci ns significativas no enunciado:

*No mes de (Polo) Nadal,
fr o cordial*. 5+4 / 4+4

*En (el mes de) agosto,
fr o en rostro*. 6+4 / 4+4

  (la) Saint-Aubin (1 marzo),
l'avoine au vent. 5+4 / 4+4

tam n se lle engaden s labas ao verso que   deficitario nelas:

Por (Polo) San Marti o (11 nov.),
casta as e vi o. 5+6 / 6+6

O "refrán meteorolóxico": estudo, comparación con outras linguas (castelán e francés) e proposta de nova denominación

*En (el mes de) agosto,
ni mujer ni mosto. 4+6 / 6+6*

*S'il pleut à la Saint-Gontran (28 marzo)
le blé deviendra (très) grand. 7+6 / 7 + 7*

A rima leva consigo o emprego de certos recursos estilísticos, a fin de dar maior expresividade ao texto. Este é o caso das figuras. O pobo, se xa non o fixo o autor primeiro dunha paremia, engade estes artificios ás formas sentenciosas buscando facer un texto máis literario.

No corpus das formas *meteorolóxicas* atópanse figuras de todo tipo: figuras de pensamento como, por exemplo, a antítese:

*Noël blanc, Pâques vertes.
Noël vert, Pâques blanches.*

a hipérbole:

*Pascua marzal,
hambre, guerra o mortandad.*

a prosopopea, etc.:

*Díxolle maio a abril
«unque che pese, heime rir».*

e figuras de dicción, tales como a anáfora:

*La Saint Jean qu'on fauche (24 xuño);
la Saint Jean qu'on tond (1 xullo);
la Saint Jean qu'on bat (29 ag.);
la Saint Jean qu'on chauffe (27 dec.).*

a paragoxe:

*Con Santa Inesa (21 xan.)
acaban as festas da Igrexa.*

a metáfora, etc.:

*Trigo santero
no llena granero.*

O *anonimato* e a popularidade, tanto nos refráns como nas formas meteorolóxicas, están directamente interrelacionados, xa que a popularidade se produce unha vez que estas formas paremiolóxicas se dan desfeito do nome do(s) seu(s) autor(es).

Se pensamos no nacemento dunha paremia, debemos sospeitar que a persoa que a orixinou era observadora, reflexiva e que contaba con certa capacidade filosófica; polo tanto, pódese concluír que se trataba dun individuo culto, porque era quen de observar que unha determinada circunstancia produce xeralmente a mesma consecuencia, sobre todo no caso das chamadas paremias meteorolóxicas.

A s a mente plasma ent n nunha frase o que acaba de comprobar, pero esta primeira expresi n non era v lida para ser consumida, como nos di Rodr guez Mar n, pois ao transmitir a s a experiencia ao grupo que o rodea sabe que o seu  xito radica en achar unha perfecta adecuaci n entre fondo e forma:

Pero tal locuci n no era todav a el refr n: no revest a la forma po tica que hab an de darle la cadencia, el metro, la rima y la met fora; la frase era buena y verdadera, pero le faltaba el tercer requisito: no era bella. Falt banle, adem s, elementos mnemot cnicos y la met fora, la rima, el metro y la cadencia los llevan consigo. Y la locuci n prosaica, el neo-refr n, pas  por una serie de modificaciones, hasta quedar f jadas las formas con que hab a de sobrevivir; y digo las formas, y no la forma, porque entre esas modificaciones no siempre una sola hubo de prosperar y ser largamente viable, y de ah  las variantes que se notan en cada refr n, a n dentro de una misma comarca (Rodr guez Mar n 1895: 11-12).

Un dos trazos que debe ter este tipo de enunciado   a brevidade, caracter stica que ten sobre o o nte ou sobre o lector un impacto psicol xico, de a  o bo funcionamento na actualidade dos slogans. Dic a S neca (*at mehercules magni artificis est clusisse totum in exiguo*) (SENECA: 6,53,11) que o propio dun grande artista   saber encerrar o todo nun espazo insignificante. Esta brevidade   o que lle permite entrar nos discursos m is extensos, como asegura Garc a-Page:

Gracias a su car cter breve, el refr n permite ser insertado, a modo de inciso, en mensajes m s extensos, y quedar, pues, diferenciado del resto como una unidad entonativa aut noma (Garc a-Page 1990: 500-501).

Cando a escrita non estaba ao alcance de todos foi fundamental a brevidade nos textos, no noso caso nas paremias, xa que hai que memorizalas para poder transmitilas  s xeraci ns vindeiras.

No primeiro momento a neo-paremia a nda garda o nome do autor, xa que se despraza por  mbitos locais, pero se, debido   s a *popularidade*, traspasa este asentamento e atravesa outras fronteiras ling isticas ou territoriais, estamos perante o proceso de perda do nome do autor. Di Conde Tarr o que:

El desconocer el autor de un refr n no es m s que una t cnica que le permite a  ste presentarse con una mayor antigüedad y, como consecuencia, con una mayor experiencia: al no haber autor conocido, y que por tanto permitir a datarlo, ser  la mente del hablante la que lo acomode en un tiempo siempre lejano (Conde Tarr o 1997: 323).

O pobo apadri a a nova forma sentenciosa, unha vez despoxada do nome do seu autor, con frases *como di o refr n que...*, *como o refr n vello que di...*, etc.

As  pois, a neo-paremia, como xa dixemos,   obra dunha persoa concreta, pero que ao entrar a formar parte do aspecto cultural dun pobo perde o seu car cter individual para acadar o rango de obra colectiva. L zaro Carreter (1980: 211) afirma que as paremias nacen “no en el acto de su invenci n, sino en el de la aceptaci n y absorci n por la

comunidad”. Cantera, pola súa banda, distingue entre o autor primeiro dunha forma sentenciosa e o pobo, verdadeiro responsable da popularidade destas formas:

Pues, aunque es muy cierto que en la realidad cada refrán tiene su autor primero, no es menos cierto que quien lo consagra es el pueblo al hacerlo suyo y darle carta de naturaleza. Por eso, y por su carácter generalmente anónimo, cabe afirmar que el pueblo es el auténtico creador del refrán. Y si no lo es, es como si lo fuera. De ahí que, con toda justicia y plena exactitud, podamos hablar de refranero popular (Cantera 1994: 53).

Cremos que tal vez o termo *popular* aplicado ás paremias pode levar a confusións, dado que se entendemos esta palabra como ‘algo que pertence ao pobo’ ou ‘relativo ao pobo’, como din algúns dicionarios, a súa significación é correcta, pero se se quere ver, como fixeron algúns autores, como unha paremia que ten a súa orixe no pobo, xa atopamos grandes problemas, é dicir, que o que hai que ter en conta é que non é o mesmo “ser empregado polo pobo” que “ser creado polo pobo”, xa que este, como di Montandon, citando a Seiler:

No crea nada. Toda creación, toda invención, todo descubrimiento procede siempre de una personalidad individual. Es preciso necesariamente que todo refrán haya sido enunciado un día en alguna parte. Una vez gustado a los que lo oyeron lo propagaron como locución proverbial y, probablemente, se ha ido retocando a continuación hasta que adquiere una forma aceptada por todo el mundo, convirtiéndose así en universalmente conocido (Montandon 1992: 19).

Mentres o refrán e o proverbio escapan do seu humilde nacemento para se converteren en refráns nacionais e, nalgúns casos, plurinacionais, de aí a súa universalidade, o refrán meteorolóxico permanece no ámbito local no que foi creado, xa que é alí onde mantén a súa verdade. Por isto, para que unha paremia meteorolóxica estea ben delimitada hai que indicar a súa localización, é dicir, o seu campo de extensión.

Tomemos como exemplo a seguinte paremia francesa referente aos primeiros días do mes de setembro:

*Du premier au huit,
l'hirondelle fuit.*

Esta forma sentenciosa, que atopamos así documentada en Bidault de l’Isle (1952 II: 14) e en Chassany (1989: 345), lévanos a confusión: sábese que xeralmente o mes de setembro adoita comezar con tempo solleiro, continuación das temperaturas dos meses anteriores, pero este bo tempo cede o paso aos primeiros fríos, o que provoca a marcha dalgunhas aves en busca de climas máis cálidos. Pero tamén é ben sabido que este cambio atmosférico non se produce na mesma época en todo o territorio francés, pois mentres no Mediterráneo a xente aínda pode gozar das boas temperaturas, noutros lugares de Francia (no norte, nas zonas montañosas, etc.) xa comezan a prepararse para o inverno.

Con todo, o refraneiro de Cosson (1997: 133) documenta esta forma sentenciosa no norte de Francia e o de Pierron (1997: 246) sitúaa en Bélxica (1997: 246), lugares nos que, efectivamente, esta paremia é crible.

Dende o noso punto de vista hai dous motivos fundamentais polos que unha *paremia meteorolóxica* pode ser inexacta:

- Cando o seu nacemento se produce como consecuencia dunha idea equivocada ou das concepcións erróneas dunha época. É o caso das formas sentenciosas supersticiosas.

En España o martes e 13 é unha data especialmente significativa, xa que vai ligada á má sorte. Os refraneiros galego e castelán fanse eco desta superstición e recollen nas súas páxinas un bo número de formas que corroboran este pensamento:

*En martes,
nin te cases nin te embarques.*

*En martes,
nin panos cortes nin filla cases.*

*En martes,
nin cortes nin rapes.*

*En martes,
ni te cases ni te embarques.*

*En martes,
ni tu casa mudes, ni tu hija cases, ni tu ropa tajes* ⁶.

O refraneiro francés tamén presenta un gran número de formas supersticiosas. Fixarémonos só naquelas que falan do ano bisesto, pois atopamos unha certa desconfianza por este ano especial, xa que se considera que é funesto tanto para as persoas como para as cousas:

*En l'année bissextile,
garde du blé pour l'an qui suit.*

*Année bissextile,
année infertile.*

Tamén esta crenza se reflexa no refraneiro galego e castelán

*Ano bisesto,
nin bo ano, nin bo enxerto.*

*Año bisestil,
año vil.*

⁶ Estas formas foron tomadas do *Diccionario de refráns* (Conde Tarrío 2001: 390-391).

- Cando traspasaron o seu ámbito local ou xeográfico. Conde Tarrío (1997:320-321) sinala que escoitou en Hermunde (concello de Pol, Lugo) a paremia

*Aire de Meira,
caldeiros á goteira.*

que indica que o aire que provén de Meira trae chuvia, se ben a realidade é moi diferente, xa que como afirma este autor

las parroquias que se sitúan al norte de Meira reciben aire del sur o del sudoeste, que trae las grandes masas de lluvias procedentes del océano, en tanto que las parroquias del sur, caso de Hermunde, reciben el aire del norte o del nordeste, que no trae lluvias, y que puede ser causante en algunos casos de la aridez de la zona. A esto debemos añadir que la estructura geológica de Galicia se caracteriza por bloques que se levantan y por otros que se hundan. Este fenómeno hace que muchos lugares que se encuentran en la zonas de hundimiento, como es el caso de Hermunde, queden protegidos por estos bloques que actúan de pantallas contra las lluvias.

Así que estamos ante unha paremia que se desprazou da zona na que a súa verdade era incuestionable e o desprazamento afecta á credibilidade do refrán.

Un dos trazos máis comúns das diferentes paremias é a súa función didáctica, se cadra esaxerada nas paremias chamadas meteorolóxicas. Os pais quixeron transmitir aos seus fillos os seus coñecementos, pero a escrita non era un método válido, polo que houbo que botar man de frases que tivesen un alto contido sentencioso a fin de darlles a coñecer a súa sabedoría e evitar, como xa dixemos, que os seus descendentes cometesen os mesmos erros ca eles. É dicir, a experiencia dos maiores, como nos di Akoa, servirá de base á vida e aos labores dos máis novos:

Se entiende que los refranes proceden de la naturaleza de la inteligencia del hombre del campo. El pueblo Beti del Camerún, antes de aprender a leer y a escribir a finales del siglo pasado⁷ y a principios del actual, sobre todo, ya había fundado su sabiduría en los refranes y proverbios gracias a la experiencia de sus antecesores (Akoa 1996: 97).

Pero esta experiencia, sobre todo nas formas sentenciosas meteorolóxicas, está localizada no tempo ou no espazo.

Para a fácil comprensión destas mensaxes o seu significado debería ser lineal, isto é, non metafórico, xa que era necesario que o texto fose comprendido por todos, quedando liberadas as paremias meteorolóxicas de toda artificiosidade no seu enunciado. Así mesmo, elimínase o elemento xocoso nestes enunciados, xa que o que se pretende é dar unha información seria e fundamental, polo que foi presentada cun ton severo.

⁷ Akoa refírese aquí ao século XIX.

Pilar R o Corbacho

Co devir dos tempos, as paremias meteorol xicas, e sobre todo as haxiogr ficas, f ronse desdramatizando e algunhas delas fannos sorrir; quizais foron creadas para aliviar coa s a retranca ao home do campo ou do mar das s as pesadas tarefas:

*As mulleres cando paren ac rdanse de San Ram n (31 ag.),
e cando os est n facendo, nin santo nin devoci n.*

*El d a de San Ciruelo (30 feb.)
pagar  lo que debo.*

*Saint Antoine (30 xu o) est malade;
c'est son cochon qui fait le m nage.*

As  pois, as caracter sticas do chamado *refr n meteorol xico* pod molas resumir no cadro seguinte:

	<i>Refr�n meteorol�xico</i>
antigo	+
bimembre	+
breve	+
elementos mnemot�cnicos	+
experiencia	+
xocoso	-
metaf�rico	-
popular	+
sentencioso	+
universal	-
verdadeiro	�

A conclus n que podemos tirar deste cadro   que o refr n meteorol xico presenta as mesmas caracter sticas c  *dicton* e, en consecuencia, ten particularidades propias que o diferencian claramente do *refr n*, como se pode ver no cadro seguinte:

	<i>o refr�n el refr�n le proverbe</i>	<i>o refr�n meteorol�xico el refr�n meteorol�gico le dicton</i>
antigo	+	+
bimembre	�	+
breve	+	+
elementos mnemot�cnicos	+	+
experiencia	+	+
xocoso	�	-
metaf�rico	+	-
popular	+	+
sentencioso	+	+
universal	+	-
verdadeiro	�	�

O resultado final de todo isto   que o chamado refr n meteorol xico   unha forma paremiol xica independente, de a  que a s a denominaci n non sexa a m is id nea, pois

leva, como xa indicamos, a confusión: nós propoñemos a denominación de *paremia xeocosmolóxica* para o galego e de *paremia geocosmológica* para o castelán, xa que con esta nomenclatura:

- ✓ queremos deixar claro que esta *paremia* é autónoma, xa que, como vimos, a súa temática específica, o seu emprego nun ámbito local e o seu carácter non metafórico a fan única e, consecuentemente, distinta das demais familias *paremiolóxicas*.
- ✓ facemos constar que nesta forma sentenciosa non só teñen cabida as *paremias meteorolóxicas*, senón tamén aquelas que nos falan das características dos meses ou do ano (*En hiver, eau ou bruine, vent, neige ou grêle pour voisines*), dos animais que se poden atopar nunha época concreta (*Se marzo pasou e o cuco non chegou, algo ao cuco lle pasou*), dos traballos (*Sembrarás cuando podrás, pero en junio segarás*), das comidas típicas dunha determinada época (*Polo San Martiño, mata o teu porquiño e proba o teu viño*), etc.

3. Clasificación das *paremias xeocosmolóxicas*

Cellard e Dubois (1985: 4-5) clasifican os *dictons* do seguinte xeito no prefacio da obra *Dictons de la pluie et du beau temps*:

- o *Dictons prescriptifs*. Recórdanlle ao home do campo ou do mar o que hai que facer ou o que hai que evitar nun determinado momento:

*A primeiros de setembro aparelha as cubas
para vendimar as uvas.*

- o *Dictons constatifs*. A súa función é a de transcribir o resultado das observacións dos nosos devanceiros:

*À la Sainte-Madeleine (22 xullo)
les noix sont pleines.*

- o *Dictons prédictifs*. Anticipan acontecementos en base ao que sucede nunha determinada época:

*Se por marzo canta a ra,
en maio xa calará.*

- o *Dictons numérolologiques*. Agoiran os días exactos de bo ou o de mal tempo:

*Saint-Lambert pluvieux (17 set.)
neuf jours dangereux.*

- o *Dictons hagiographiques*. Os que fan referencia a unha determinada festividade ou a unha data importante do calendario:

*Candelaria a dos, San Blas a tres,
¡adivina qué mes es!*

- o Os *bouts-rimés* son aquelas formas nas que a rima do texto vén imposta polo nome da festividade do día. Neste tipo de *paremias*, a mensaxe é trivial:

*El d a de la Epifan a (6 xan.)
se ven las estrellas a mediod a.*

Sevilla Mu oz (1992: 181), partindo de tres campos sem nticos (o tempo, o traballo e as superstici ns) prop n a seguinte clasificaci n dos *dictons*:

- *Dictons m t orologiques.*
- *Dictons du travail.*
- *Dictons de la croyance.*

Atrav monos a propo er unha nova clasificaci n deste tipo de paremias partindo, nun primeiro momento, de se no seu enunciado aparece ou non a figura dun santo ou santa⁸. As  pois, as formas xeocosmol xicas div dense, ao noso entender, en:

1.- Paremias haxiogr ficas:

*Polo San Bartolo (24 ag.), a boa fiadeira comeza a s a tea;
a m is lixeira, pola Madalena (22 xullo).*

2.- Paremias non haxiogr ficas:

*En outono, bota as patacas
e garda cedo as vacas.*

Dende o noso punto de vista, tanto as paremias haxiogr ficas como as non haxiogr ficas subdiv dense   s a vez en tres apartados:

- a.- As *xeotem ticas* inter sanse polas distintas actividades que exercen os seres vivos no seu h bitat natural:

*Polo Santiago⁹,
cego as e polos a xeirar polos agros.* [Forma non haxiogr fica]

*O que queira pataca en maio,
que as bote no San Pablo (25 xan.).* [Forma haxiogr fica]

⁸ A nda que son menos numerosas, tam n te en cabida aqu  as formas que no seu enunciado presentan unha festividade relixiosa:

*Despois dos Remedios,
a noite v n cedo.*

*Adviento
es tiempo de viento.*

*Quand il pleut   (pour) la Trinit ,
il pleut (pleuvra) six semaines sans s'arr ter,*

ou pag :

*Martes de Antroido ;cando has de vir?;
casqui as de ovos habedes de ruxir.*

*Carnestolendas aguadas,
Pascua soleada.*

*Quand tombe de l'eau le Lundi Gras,
lin fin et beau tu auras.*

⁹ A expresi n "polo Santiago"   equivalente, neste caso e nalg ns outros, a "polo mes de xullo".

O “refrán meteorolóxico”: estudo, comparación con outras linguas (castelán e francés) e proposta de nova denominación

b.- As *astronómicas* fálannos da importancia dos astros para os cultivos, os animais ou as persoas:

Circo na lúa, lagoa dura;
circo no sol, lagoa mol. [Forma non haxiográfica]

Si le soir du jour (la veille) des Rois
beaucoup d'étoiles tu vois:
auras sécheresse en été
et beaucoup d'œufs au poulailler. [Forma haxiográfica]

c.- As *meteorolóxicas* describen a importancia dos fenómenos atmosféricos para os seres vivos ou os cultivos:

Auga de maio
pan todo o ano. [Forma non haxiográfica]

Habendo neboeiro por San Pedro Fiz (1 ag.),
castañas furadas e nabos ruíns. [Forma haxiográfica]

Queremos deixar neste punto a clasificación das paremias xeocosmolóxicas, postergando para investigacións futuras a posibilidade de subdividir as paremias xeotemáticas, as astronómicas e as meteorolóxicas.

4. Conclusións

A denominación galega de *refrán meteorolóxico* e a castelá de *refrán meteorológico* parecen indicar que nesta familia paremiolóxica só entran as formas que falan das condicións atmosféricas.

Nós pensamos que os termos *paremia xeocosmológica* e *paremia geocosmológica* son máis axeitados, xa que con esta nomenclatura:

- ✓ déixase claro que estas formas son autónomas, igual có *dicton* en francés.
- ✓ acéptase que nesta familia paremiolóxica teñen cabida non só as formas que falan das condicións atmosféricas senón tamén aquelas que nos indican as diferentes actividades que exercen os seres vivos e as que describen a influencia dos astros sobre os cultivos ou sobre as persoas e animais.

O refrán e as paremias xeocosmolóxicas teñen características comúns: antigüidade, brevidade, carácter popular e sentencioso, elementos mnemotécnicos, experiencia e, en moitos casos, presentan unha certa verdade. Así e todo, difiren entre si nos seguintes aspectos:

	<i>o refrán</i>	<i>a paremia xeocosmológica</i>
bimembre	±	+
xocoso	±	-
metafórico	+	-
universal	+	-

Cando unha forma xeocosmolóxica abandona algunhas das características que marcan a súa idiosincrasia, acaba por ingresar noutra familia paremiolóxica, xeralmente na do refrán. Para exemplificar o que vimos de dicir, botamos man da paremia galega:

Despois de maio vén San Xoán.

A significación literal desta forma (é dicir, a significación non metafórica) preséntaa como unha constatación, pero co paso do tempo e en determinados tipos de textos como:

Fai o que che pareza ben..., pero acorda que despois de maio ven San Xoán,

vemos a esta forma cargarse dunha significación metafórica na que se deixa translucir un sentimento de vinganza inevitable: este é o momento no que esta forma escapa da familia xeocosmolóxica e aterra de pleno dereito na familia do refrán.

Como xa vimos, algúns autores atrevéronse cunha clasificación das formas xeocosmolóxicas: o gran número de paremias que forman parte desta familia e as características particulares destas fan moi difícil acadar un resultado óptimo.

Nós, sabendo do risco e da dificultade desta empresa, non queremos finalizar este traballo sen presentar de forma esquemática unha clasificación que, como xa explicamos, se basea en se no enunciado da paremia figura ou non o nome dun santo ou dunha festividade relixiosa (mesmo pagá, en certos casos):

Paremias xeocosmolóxicas Paremias geocosmolóxicas Dictons	Paremias non haxiográficas Paremias no hagiográficas Dictons non hagiographiques	Xeotemáticas Geotemáticas Géothématiques ----- Astronómicas Astronomiques ----- Meteorolóxicas Meteorológicas Météorologiques
	Paremias haxiográficas Paremias hagiográficas Dictons hagiographiques	Haxioxeotemáticas Hagiogeotemáticas Hagiogéotématiques ----- Haxioastronómicas Hagiastroonómicas Hagiastroonomiques ----- Haxiometeorolóxicas Hagiometeorológicas Hagiométéorologiques

5. Bibliografía

- AKOA, D. (1996): “Comparación de los refranes españoles y del dialecto beti (Camerún)” en *Paremia* 5,1996,95-105.
- ANSCOMBRE, J. C. (1999): “Estructura métrica y función semántica de los refranes” en *Paremia* 8,1999,25-36.

- BERGUA, J. (1968): *Refranero español. Colección de ocho mil refranes populares, ordenados, concordados y explicados precedida del “Libro de los proverbios morales de Alfonso de Barros”*. Ediciones Ibéricas, Madrid.
- BIDAULT DE L’ISLE, G. (1952): *Vieux dictons de nos campagnes*. Nouvelles Éditions de la Toison d’Or, Paris.
- Bonum Spatium* (manuscrito da segunda metade do s. XIV ou principios do XV). Bibliothèque Nationale de Paris (Lat. 8246, fol. 105b).
- CAMPOS, J. G. e BARELLA, A. (1993): *Diccionario de refranes*. Espasa-Calpe, Madrid.
- CANTERA ORTIZ DE URBINA, J. (1994): “Filosofía sobre el amor en el refranero español” en *Paremia* 3,1994,53-58.
- CELLARD, J. e DUBOIS, G. (1985): *Dictons de la pluie et du beau temps*. Éditions Belin, Paris.
- CONDE TARRÍO, G. (1997): *Estudio comparativo de las paremias en francés, castellano y gallego*. Tese de doutoramento inédita. Universidade de Santiago de Compostela.
- (1998): “La verdad en el refranero: los refranes meteorológicos gallegos” en *Paremia* 7,1998,61-68.
- (2001): *Diccionario de refráns: correspondencias en castelán e francés*. Galaxia, Vigo.
- (2004): “Hernán Núñez (1555) e Gonzalo de Correas (1627): os primeiros refraneiros galegos” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6,2004,27-56.
- CORREAS, G. (1627/1967): *Vocabulario de refranes y frases proverbiales (1627)*. Texte établi, annoté et présenté par Louis Combet. Institut d’Etudes Ibériques et Ibéro-Américaines de l’Université de Bordeaux, Bordeaux.
- COMBET, L. (1967): V. CORREAS, G. (1627/1967).
- COSSON, G. (1997): *L’almanach météorologique des dictons*. Bordas, Paris.
- CHASSANY, J.-Ph. (1989): *Dictionnaire de Météorologie Populaire*. Maisonneuve et Larose, Paris.
- FERNÁNDEZ LAGO, X. e TORRES QUEIRUGA, A.(coords.) (1992²): *A Biblia*. Tradución ó galego das linguas orixinais. Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos (SEPT), Vigo.
- FUKUMOTO, N., HARANO, N. e SUZUKI, S. (1983-1985): *Le Roman de Renart édité d’après les manuscrits*. C. et M. France Tosho, Tokyo.
- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, M. (1990): “Propiedades lingüísticas del refrán (1)” en *Epos. Revista de Filología* 6,1990,499-510.
- GREIMAS, A. J. (1960): “Idiotismes, proverbes, dictons” en *Cahiers de Lexicologie* II/10,1960,41-61.
- ISCLA ROVIRA, L. (1989): *Refranero de la Vida Humana*. Taurus, Madrid.
- LÁZARO CARRETER, F. (1980): “El mensaje literal” en LÁZARO CARRETER, F.: *Estudos de Lingüística*. Crítica, Barcelona,149-171.
- LE ROUX DE LINCY, A. J. V. (1859/1996): *Le livre des proverbes français*. Hachette Livre, Paris.
- PALMIRENO, L. (1569/1874): “Refranes de mesa, salud y buena crianza: cogíalos de muchos autores y conversaciones I” en SBARBI Y OSUNA, J. Mª. (1874-78):

- El Refranero General Español*. Imprenta de A. Gómez Fuentenebro, Madrid, 279-293.
- MARTÍNEZ DE TOLEDO, A. (1438/1970): *Arcipreste de Talavera o Corbacho*. Edición, introducción y notas de J. González Muela. Clásicos Castalia, Madrid.
- MONTANDON, A. (1992): *Les formes breves*. Hachette, Paris.
- PAGÈS, P. e FILLOD, A.(1983): *Temps et saisons. Dictons de la sagesse paysanne*. Centre d'Étude de la Vallée de la Borne, Saint-Vidal.
- PIERRON, A. (1997): *Dictionnaire des dictons: saints du calendrier, faune et flore, éléments et météores dans les dictons météorologiques*. Marabout, Alleur.
- RÍO CORBACHO, M^a P. (2000): "La Saint-Jean dans la parémiologie" en CASAL SILVA, M^a L., CONDE TARRÍO, G., LAGO GARABATOS, J., PINO SERRANO, L. e RODRÍGUEZ PEREIRA, N.: *La Lingüística francesa en España camino del siglo XXI*. Arrecife, Madrid, 855-864.
- (2002): *La paremia hagiográfica en francés, castellano y gallego: estudio contrastivo*. Tese de doutoramento inédita. Universidade de Santiago de Compostela.
- (2003): "Santos gallegos en el refranero" en *Paremia* 12,2003,55-66.
- (2004): "Paremiología hagiográfica: santos y santas gallegos (II)" en *Paremia* 13,2004,99-108.
- (no prelo): "Modos de expresar el aumento o disminución del día en las paremias hagiográficas" en II Congreso Internacional de Retórica en México (*El horizonte interdisciplinario de la Retórica*: 21 ao 25 de abril de 2003).
- RODEGEM, F. M. (1984): "La parole proverbiale (II)" en SUARD, F. e BURIDANT, Cl. (1984): *Richesse du Proverbe*. Université de Lille, Lille, 121-135.
- RODRÍGUEZ MARÍN, F. e MONTOTO Y RAUTENSTRAUCH, L. (1895): *Discursos leídos ante la Real Academia Sevillana de Buenas Letras el 8 de diciembre de 1895 por los señores Francisco Rodríguez Marín y Luis Montoto y Rautenstrauch*. Imprenta de E. Rasco, Sevilla.
- Romancea Proverbiorum* (s. XIV/1926). Edición de A. Rius Serra. *Revista de Filología Española* XIII,1926,364-372.
- SBARBI Y OSUNA, J. M^a. (1874-78): V. PALMIRENO, L. (1569).
- SEM TOB de Carrión (s. XIV/1986): *Proverbios morales*. Edición, introducción y notas de Sanford Shepard. Clásicos Castalia, Madrid.
- SENECA MINOR, L. Annaeus (62-65): *Epistulae morales ad Lucilium* (Trad. esp.: ROCA MELIÁ, Ismael (1986/1989): *Epístolas morales a Lucilio*. Gredos, Madrid).
- SEVILLA MUÑOZ, J. (1988): *Hacia una aproximación conceptual de las paremias francesas y españolas*. Ed. Universidad Complutense, Madrid.
- (1992): "Propuesta de sistematización de los dictons" en *Revista de Filología Francesa* 1,1992,175-187.
- Vocabulaire Météorologique International VMO/OMM/BMU* (1966). Secrétariat de l'Organisation Météorologique Mondiale, Genève.